

**PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2017****SEMANA SANTA****- Normativa de funcionamento -****INFORMACIÓN XERAL**

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>Poboación destinataria</b> | Menores con idades comprendidas entre os 4 e 14 anos (será obrigatorio ter cumpridos 4 anos no momento da convocatoria).<br><br>No caso de menores con necesidades educativas especiais se avaliará cada solicitude de maneira individual. |
| <b>Días</b>                   | 10, 11, 12 e 17 de abril.  |
| <b>Horario</b>                | De 09.00 a 14.00 horas.  |
| <b>Número de prazas</b>       | 105.   |

**CENTROS E PRAZAS**

|   |           |
|---|-----------|
| Multiúsos de Chapela                          | 15 prazas |
| Asociación de veciños de S. Esteban de Negros | 15 prazas |
| Multiúsos de Redondela                        | 45 prazas |
| Asociación cultural Miñoteira de Ventosela    | 15 prazas |
| Centro cultural de Vilar de Infesta           | 15 prazas |

Na ficha de inscrición é obrigatorio marcar con X o centro de preferencia, facendo mención a unha segunda opción para o caso de non acadar praza na opción marcada.

**INSCRICIÓN**

|   |   |
|---|---|
| <b>Prazo de presentación solicitude</b>               | Do 31 de marzo ata o 6 de abril (incluído).           |
| <b>Lugar de presentación solicitude</b>               | Registro do Concello en Redondela ou Chapela.         |
| <b>Publicación da listaxe de menores admitidas/os</b> | Venres 7 de abril (páxina web e nas oficinas do CIM). |

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



#### GRUPO FAMILIAR

**Grupo 1.-**

- a) Familia monomarental/monoparental coa persoa proxenitora en situación de emprego.
- b) Familias cunha persoa dependente ao cargo con grado 2 ou 3 de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.

**Grupo 2.-** Familia na que as dúas persoas proxenitoras están empregadas.

**Grupo 3.-** Familia na que unha das persoas proxenitoras está en situación de emprego.

**Grupo 4.-** Calquera outro suposto.

#### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Todos os grupos

Xustificante de ingresos: última nómina, contrato de traballo, último recibo de pago de cotas de autónomo, resolución de prestacións...

Para familia monomarental/monoparental

Libro de familia, sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador.

Para familias con persoas dependentes a cargo

Documento de recoñecemento da situación de dependencia.

#### OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- Empadramento cunha antigüidade mínima dun ano no concello de Redondela dunha das persoas proxenitoras ou titoras legais.
- Os teléfonos de contacto indicados na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo. No caso de producirse algún cambio dos números de contacto durante o desenvolvemento do Programa, se deberá comunicar esta circunstancia inmediatamente ao persoal do Centro de información ás mulleres (CIM).
- As/Os menores unicamente poderán saír da actividade con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición.
- As/Os menores deberán traer merenda e acudir, preferentemente, con roupa cómoda e deportivos ou tenis para facilitarlles a realización das actividades.
- No momento de comezar o Programa se facilitará ás familias o número de teléfono de contacto do monitorado.
- Calquera aviso, incidencia ou información se deberá comunicar ao monitorado correspondente vía telefónica ou persoalmente ou ao persoal do Centro de información ás mulleres (CIM) en horario de 08.00 a 15.00 horas (986 40 80 43).

#### Concello de Redondela